



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 FAX 981453187 CIF P1507100D

RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PLANIFICACIÓN URBANA, MEDIO AMBIENTE E NOVOS PROXECTOS

ANTECEDENTES:

O Concello das Pontes, o igual que en anos anteriores, ten previsto celebrar as Festas do Nadal.

A organización de distas festas correrá a cargo da Concellaría da Área de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías.

Dito evento terá lugar dende o día 13 de decembro de 2024 ata o 07 de xaneiro de 2025, afectando a superficie de dominio público e diversas vías de circulación, entre outras as seguintes: Rúa Monte Caxado, Avenida de Ortigueira, Avenida de Castelao, Praza do Hospital, Avenida de Galicia, Rosalía de Castro Alexandre Bóveda, Ferrol, Ramón Cabanillas, Coruña e Concello, así como as Prazas do Carme e a de América.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO

A normativa de aplicación é a seguinte:

- Lei Reguladora de Bases de Réxime Local LRBRL
- Artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Artigo 86 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público
- Artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.
- Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ó público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Ordenanza de residuos e limpeza viaria do concello das Pontes (08/04/2014 BOP N°: 67)

-A Lei 9/2013 do 19 de decembro, do Emprendemento e Competitividade Económica de Galicia., no seu artigo 41 bis, establece que estarán exentas de declaración responsable, licenza municipal e autorización autonómica os espectáculos públicos e actividades recreativas organizados polos concellos con motivo de festas e verbenas populares, con independencia da titularidade do establecemento ou espazo aberto ao público onde se leven a cabo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 FAX 981453187 CIF P1507100D

SEGUNDO

En Canto a Competencia:

De acordo con o disposto no Artigo 127.1. e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno Local ten a competencia para outorgar calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial atribúaa expresamente a outro órgano. Tendo a autorización de ocupación do dominio público municipal natureza de licenza, a competencia para a súa concesión corresponde á Xunta de Goberno Local. Dita competencia foi delegada en Manuel Rodríguez López concelleiro-delegado da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos polo Decreto da Alcaldía nº 2000/2024, do 04 de novembro (BOP nº 216, do 08 de novembro).

Visto canto antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO: Autorizar a celebración das festas do Nadal entre os días 13 de decembro de 2024 ata o 7 de xaneiro de 2025.

SEGUNDO: Designar o Colexio Santa María como zona de concertos e actividades para os nen@s os días 4-5 e 6 de xaneiro.

TERCEIRO: Autorizar o corte de Tráfico e prohibición de estacionamento nas rúas Monte Caxado, Coruña, Ramón Cabanillas, Alexandre Bóveda, Ferrol, e Parque.

CUARTO: Autorizar, sempre e cando cumbran có establecido na normativa sectorial aplicable, a instalación e montaxe de Casetas de Feira, Carpas, Atraccións Recreativas e Postos de venda nas anteditas Rúas.

QUINTO: Autorizar o discorrer da Cabalgata de Reis polas rúas Monte Caxado, Avenida de Ortigueira, Avenida Castela, Praza de Hospital, Rosalía de Castro, Ferrol, Coruña e Ramón Cabanillas. Estas medidas poderán ser modificadas a xuízo da Policía Local.

SEXTO: Autorizar a duración da verbena da noite do día 4 para 5 de xaneiro de 2025 en dúas horas, en virtude do artigo 9.5 da Orde de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos.

En virtude de este artigo, tamén se determina a autorización de prolongación de horario de peche en dúas horas ós locais de hostalaría da localidade entre os días 13 de decembro de 2024 ata o 7 de xaneiro de 2025.

SEPTIMO: as datas de montaxe e desmontaxe das instalacións, Casetas de Feira, Carpas, Atraccións Recreativas e Postos de venda será a comprendida entre os días 16 de decembro e 7 de xaneiro de 2025.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 FAX 981453187 CIF P1507100D

-Notificar esta resolución no prazo de dez días a:

-Policía Local para que proceda a reservar os recintos e deseñar, de ser o caso, o dispositivo de tráfico.

- Xefe de Protección Civil de As Pontes.

-Hostaleiros do Concello das Pontes.

OITAVO: Comunicar as persoas interesadas que contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpón o recurso de reposición non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, contado dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado n.º 1 de Ferrol.

Maila o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (art. 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ferrol.

Así mesmo, poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente

As Pontes decembro de 2024